

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CUNTIS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DE HONRAS E DISTINCIONS DO CONCELLO DE CUNTIS.

Que o Pleno do Concello de Cuntis acordou en sesión celebrada con data 1 de decembro de 2016 aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora de honras e distincións do Concello de Cuntis. Publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 2 de data 3 de xaneiro de 2017, e non habéndose presentado ningunha reclamación ou suxestión durante o prazo de información pública, dita aprobación devén en definitiva de acordo co artigo 49 da lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícase o seu texto íntegro, que se insire a continuación, ao efecto da súa entrada en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da mesma lei.

“Exposición de motivos.

O Concello de Cuntis estima necesario manifestar de maneira notoria a súa gratitude e recoñecemento polos servizos extraordinarios, así como traballos destacados no aspecto cultural, científico, artístico, deportivo, profesional, social, etc., prestados ao municipio por persoas físicas ou xurídicas. Posto que se trata dun beneficio xeral para a comunidade é necesario a aprobación dunha Ordenanza de Honras e Distincións do Concello de Cuntis como o instrumento normativo axeitado para regular esta necesidade, na cal non se limitarán dereitos nin se impondrán obrigas e cuxos fins serán:

- Recoñecer e premiar servizos para o municipio realizados por persoas físicas ou xurídicas.
- Recoñecer os méritos realizados de forma pública.
- Destacar aqueles feitos merecedores de recoñecemento público, sobre todo, valores como a tolerancia, liberdade e o amor e dedicación polo Concello.

De igual forma, as normas que se regulan serán claras e transparentes, facilitando o seu coñecemento e comprensión. En canto ao tipo de recoñecemento, a realidade económica do Municipio non permite soportar custos de premios que resulten onerosos, polo que esta normativa adecúa ditos premios á racionalidade socioeconómica deste Concello.



CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.*Artigo 1. Fundamento legal e natureza:*

A aprobación do presente regulamento fundaméntase nos artigos 4 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e os artigos 50.24 e 189 a 191 do Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, que establecen que as Corporacións Locais poderán acordar a creación de emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios ou servizos, previos os trámites necesarios que se establecen neste Regulamento.

Artigo 2. Obxecto:

O obxecto deste Regulamento é regular as honras e distincións que poida outorgar o Concello de Cuntis para premiar excepcionais merecementos, servizos destacados, accións e traballos valiosos en calquera dos aspectos social, político, cultural, deportivo, científico, artístico ou de calquera outro tipo, para o engrandecemento, coñecemento e prosperidade de Cuntis.

Todo elo para que, co máximo rigor, poida formalizarse a maneira de premiar a quen dende Cuntis ou dende calquera outro lugar, na súa condición de cuntiense ou amosando especial entrega con este municipio, realizan, impulsan ou promoven actos que benefician ao municipio no seu conxunto, a súa imaxe, a súa historia, a súa cultura ou a súa identidade.

Artigo 3. Dos méritos para a concesión de honras e distincións:

Poderán ser merecedoras das distincións establecidas neste Regulamento, nos seus respectivos casos, as persoas físicas ou xurídicas, organismos ou entidades, que reúnan as circunstancias que se determinan nos artigos seguintes, en concreto constituirán méritos para a súa concesión os seguintes:

- a) Prestar servizos de relevancia que representen indubidable e evidente proveito para o engrandecemento, prestixio e progreso de Galicia e do Concello de Cuntis.
- b) A realización de traballos extraordinarios de incontrastable importancia en calquera dos aspectos humanos, político, cultural, científico, artístico, económico, social ou de defensa do noso patrimonio e natureza, que polo seu contido ou pola persoa, persoas ou entidades que o realicen se proxecta vinculación a Cuntis.
- c) A laboriosidade exemplar e extraordinaria capacidade de iniciativas e realizacións levadas a cabo e postas de manifesto en beneficio dos cidadáns e do propio municipio de Cuntis.



- d) As doazóns e fundacións benéficas, culturais, científicas, artísticas ou doutro carácter que promovan o estudo e a investigación e favorezan en moi alto grao ao Concello de Cuntis.
- e) En xeral, os feitos exemplares que, redundando en beneficio de Cuntis e os seus cidadáns, revistan importancia ou signifiquen unha constante protección e promoción dos intereses sociais e culturais e de desenvolvemento do noso pobo e dos seus fillos e fillas.

Artigo 4. Carácter das distincións:

4.1. As distincións ás que se refire este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico sen que poidan outorgar ningún dereito administrativo ou de carácter económico.

4.2. As distincións que se establecen neste Regulamento son independentes entre si, polo que unha mesma persoa pode ser distinguida con máis dunha, sempre que sexan de distinta clase, ou dentro da mesma clase de diferente categoría. Non obstante, polos mesmos feitos e circunstancias non poderá ser recoñecida máis dunha distinción.

4.3 Non se poderán conceder honores e distincións que establece este Regulamento a persoas que desempeñen altos cargos na Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, respecto dos cales o Concello se atope en relación subordinada de xerarquía, de función ou de servizo, en tanto subsistan estas circunstancias. Tampouco se poden outorgar aos membros da Corporación en exercicio.

CAPITULO II. DAS DISTINCIÓNS.

Artigo 5. Clase de honras e distincións:

As honras e distincións que poderá outorgar o Concello de Cuntis, incluso a título póstumo, para premiar especiais merecementos ou servizos prestados ao municipio, serán os seguintes:

- a) Título de fillo/filla predilecto/a.
- b) Título de fillo/filla adoptivo/a.
- c) Nomeamento de membro honorario da Corporación.
- d) Nomeamento de rúas, prazas o instalacións municipais.
- e) Diplomas de honra en cultura e deportes.
- f) Recoñecemento de servizos.
- g) Loito oficial.
- h) Libro de visitas de honra.



Artigo 6. Do título de fillo/a predilecto/a:

6.1. O título de fillo/a predilecto/a de Cuntis, só poderá recaer en persoas nadas no municipio de Cuntis, co obxecto de premiar destacadas calidades persoais ou méritos, e singularmente polos seus servizos prestados en beneficio e mellora do Concello de Cuntis que lle permitisen acadar tan alto prestixio e consideración que lle acrediten de tal título.

6.2. Este título poderá ser concedido a título póstumo, sempre que no falecido concorresen os merecementos antes mencionados. Xunto co título de fillo/a adoptivo/a, de igual xerarquía, constitúe a maior distinción do Concello de Cuntis.

6.3. A concesión desta distinción será acordada polo Pleno da Corporación Municipal co voto favorable das dúas terceiras partes do número legal de membros da Corporación.

6.4. O título consistirá nun pergamiño coa seguinte lenda:

“O Concello de Cuntis, mediante acordo adoptado na sesión do Pleno da Corporación de data _____ acordou conceder o título de FILLO/A PREDILECTO/A do municipio, polas súas destacadas calidades persoais, méritos acreditados e servizos prestados en beneficio, mellora e honor de Cuntis a DON /A.....

En Cuntis a

O/A Alcalde/sa O/ A Secretario/a

Asdo..... Asdo.....”

Irá acompañado dunha placa conmemorativa na cal figura o escudo heráldico do Concello.

Artigo 7. Do título de fillo/a adoptivo/a:

7.1. O título de fillo/a adoptivo/a pódese outorgar a aquelas persoas que, sen haber nacido en Cuntis e residindo ou non no municipio, teñan con este vinculación continuada pola súa reiterada e eficaz labor a favor dos intereses de Cuntis e/ou polas súas acreditadas actuacións en calquera aspecto das actividades humanas.

7.2. O título poderá ser concedido a título póstumo, sempre que no falecido concorresen os merecementos antes mencionados. Xunto co título de fillo/a predilecto/a, de igual xerarquía, constitúe a maior distinción do Concello de Cuntis.

7.3. A concesión desta distinción será acordada polo Pleno da Corporación Municipal co voto favorable das dúas terceiras partes do número legal de membros da Corporación.

7.4. O título consistirá nun pergamiño coa seguinte lenda:



“O concello de Cuntis, mediante acordo adoptado na sesión do Pleno da Corporación de data _____ acordou conceder o título de FILLO/A ADOPTIVO/A do municipio, polas súas destacadas calidades persoais, méritos acreditados e servizos prestados en beneficio, mellora e honor de Cuntis a DON/A

En Cuntis a

O/A Alcalde/sa O/ A Secretario/a

Asdo Asdo

Irá acompañado dunha placa conmemorativa na cal figura o escudo heráldico do Concello.

Artigo 8. Duración e dereitos dos títulos:

8.1. Os títulos de fillo/a adoptivo/a e fillo/a predilecto/a serán vitalicios e persoais, non será herdable, polo que perderase co pasamento da persoa a quen se lle teña concedido. Poderase conceder un máximo de dous títulos de fillo/a adoptivo/a e dous de fillo/a predilecto/a ao ano.

8.2. As persoas a quen se concedan os títulos de fillo/a predilecto/a ou fillo/a adoptivo/a do municipio, previa invitación, terán dereito a acompañar á Corporación nos actos ou solemnidades a que esta concorra, ocupando o lugar que para iso lle estea sinalado e a concorrer ás sesións públicas do pleno do Concello en lugar preferente ó efecto reservado.

8.3. En ningún caso estes títulos outorgarán facultades para intervir no goberno e administración do Concello. Sen embargo, poderán concedérselle funcións representativas cando teñan que exercerse fora da demarcación territorial do Concello, esta representación outorgarase por orde de antigüidade do título outorgado.

8.4. O Concello entregará pública e solemnemente aos que se fixeran acredores deste galardón, o pergamiño e placa conmemorativa na que constará o nome e data do acordo de concesión, así como un botón de solapa que sexa mostra do título e distinción conferido.

Artigo 9. Nomeamento de membros honorarios da Corporación:

9.1. O nomeamento de Membro Honorario da Corporación (Alcalde/sa Honorario/a ou Concelleiro/a Honorario/a) de Cuntis poderá ser outorgado a persoas que sexan posuídores de méritos evidentes e calidades persoais e ter un recoñecemento público, ademais de ter ocupado o cargo de Alcalde/sa ou Concelleiro/a, respectivamente, non podendo outorgarse mentres estea en activo en calquera destes cargos. Non



se poderán outorgar máis nomeamentos de Alcalde/sa Honorario/a mentres vivan dous honorarios/as, nin máis nomeamentos de Concelleiro/a Honorario/a mentres vivan cinco honorarios/as.

9.2. Estes nomeamentos non outorgarán facultades para intervir no goberno e administración do Concello. Sen embargo, poderán concedérselles funcións representativas cando teñan que exercerse fóra da demarcación territorial do Concello, esta representación outorgarase por orde de antigüidade do título outorgado.

9.3. O Concello entregará en acto público ós que se fixeran acredores deste galardón, o pergamino e placa conmemorativa na que constará o nome e data do acordo de concesión, así como un botón de solapa que sexa mostra do título e distinción conferido.

9.4. Nos actos oficiais que celebre o Concello estas persoas ocuparán un lugar preferente que se lle asigne e asistirán a eles ostentando as distincións de honra concedidas.

Artigo 10. Nomeamento de rúas, prazas ou instalacións municipais:

10.1. Poderanse conceder outras distincións polo Concello de Cuntis, como recoñecemento aos moitos méritos contraídos ao servizo do municipio, coa designación co nome das persoas que sexan dignas diso, de prazas, avenidas, rúas, edificios, parques ou paseos de Cuntis; na colocación de placas conmemorativas que perpetúen o nome de monumentos e estatuas en lugares públicos como recordo permanente a persoas ou feitos de transcendental importancia para o Concello de Cuntis, e calquera honor que a Corporación municipal estime adecuado, en ambivalencia rigorosa coas circunstancias de cada caso.

10.2 Realizarase un acto público consistente, fundamentalmente, na lectura dos méritos que lle fixeron merecedor da distinción e descubrimento da placa co seu nome.

Artigo 11. Diplomas de honra en cultura e deportes:

11.1.O Concello de Cuntis recoñecerá os méritos específicos de persoas físicas ou xurídicas, naturais do concello de Cuntis ou vinculadas a este municipio, que sobresaian no aspecto cultural e deportivo, con motivo da Gala anual da Cultura e do Deporte, mediante o outorgamento de diplomas de honra en ditas materias, así mesmo, poderán outorgarse tres mencións en cada unha das actividades.

11.2. A entrega da distinción realizarase en acto público con motivo da celebración da Gala da cultura e do deporte, mediante diploma de honra no que constará a resolución de outorgamento e o mérito acadado.



Artigo 12. Do recoñecemento de servizos:

12.1. Os empregados do concello de Cuntis que destaquen pola súa entrega e dedicación no desenvolvemento das súas funcións, poderán recibir unha distinción, segundo a importancia das funcións e dedicación, con motivo da súa xubilación cando prestaran polo menos vinte anos de servizos no Concello sen nota desfavorable no seu expediente.

Excepcionalmente poderase outorgar esta distinción a quen leve un mínimo de dez anos como empregado do Concello de Cuntis sempre que se acredita con seguridade unha dedicación especial a administración municipal.

12.2. Os diversos órganos da Corporación poderán formular un voto de agradecemento ou mención de recoñecemento ao labor desempregado polo persoal municipal cando este se desenvolve con eficacia e dedicación. Tamén poderán expresar o seu voto de recoñecemento ós particulares que colaboren meritoriamente coa Corporación.

Artigo 13. Loito oficial:

13.1. O Pleno do Concello poderá acordar Loito Oficial no termo municipal durante os días que estime oportunos, nos supostos de falecemento de persoas relevantes ou de sinistros dos que se deriven consecuencias graves para o municipio, así como por outros feitos cuxa gravidade xustifique a citada declaración.

13.2. En caso de urxencia, a declaración de Loito Oficial poderá efectuarse por resolución da Alcaldía, previa comunicación e acordo cos portavoces dos grupos políticos municipais, do que se dará conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que realice.

13.3. A declaración de Loito Oficial implicará que as bandeiras ondeen a media asta en tódolos edificios municipais e leven prendido no centro un crespón ou lazo negro, así como a posibilidade de suspender actos lúdicos previstos no día ou días que se decreten.

Artigo 14. Libro de visitas de honra:

O concello de Cuntis disporá dun libro de visitas e recepcións no que as autoridades e persoas ou representantes de institucións que visiten oficialmente o municipio, poderán asinar as dedicatorias que estimen convenientes. O libro terá un formato que permita a realización das firmas e dedicatorias con suficiente solemnidade.



CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS.

Artigo 15. Requisitos:

15.1. A concesión das distincións honoríficas: Título de fillo/filla predilecto/a, Título de fillo/filla adoptivo/a, Nomeamento de membro honorario da Corporación requirirá a tramitación do correspondente expediente, que sirva para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen aquela concesión.

15.2. Cando se trate de conceder honras e distincións a personalidades estranxeiras e as esixencias do tempo o aconsellen, o expediente poderá ser substituído por unha memoria razoada da Alcaldía para que o Pleno da Corporación o faculte para conceder tal distinción ou distincións que considere adecuadas, dando conta da resolución adoptada ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice.

Artigo 16. Inicio do expediente:

16.1. A iniciación do expediente do artigo 15.1 realizarase por resolución da Alcaldía, ben por propia iniciativa, a requirimento da terceira parte dos membros de dereito da Corporación, das persoas físicas ou das entidades enumeradas no punto 2 deste artigo.

16.2. As propostas de concesión destas honras e distincións deberán especificar os méritos e as circunstancias que deberán ser obxecto do expediente, as persoas físicas, xurídicas, institucións ou entidades para as cales se soliciten as distincións e a súa categoría, e soamente poden tomarse en consideración cando procedan de:

- Do Sr.Alcalde-Presidente da Corporación.
- Da petición conxunta da terceira parte do número de concelleiros de dereito da Corporación.
- Da solicitude razoada e xustificada de tres entidades, centros oficiais, institucións ou asociacións legalmente recoñecidas.
- Dunha petición subscrita por máis de douscentos veciños e veciñas do municipio de Cuntis.

16.3. Na mencionada resolución da Alcaldía designarase un instructor entre os concelleiros da Corporación e un secretario que deberá ter a condición de funcionario do Concello.



Artigo 17. Do expediente:

17.1. O expediente administrativo que se incoe ao efecto para a tramitación e xustificación de calquera das concesións citadas no artigo 16.1 deste Regulamento, constará como mínimo da seguinte documentación:

- Exposición de motivos.
- Notas biográficas da persoa proposta ou breve descrición histórica da entidade ou asociación proposta.
- Currículo e accións meritorias destacables.
- Contribucións e/ou adhesións que se reciban.

17.2. A proposta que formule o instructor será obxecto de información pública polo prazo de quince días, con publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal, ademais de aportarse a documentación xustificativa dos méritos, poderán comparecer no expediente cantas persoas o desexen para contrastar datos, noticias ou xuízos que procedan en relación coa proposta de merecementos e as evidentes constancias de servizos feitos ou actuacións.

17.3 O instructor poderá interesar ditame, opinión ou asesoramento doutras persoas, entidades, empresas, organismos ou Corporacións, a fin de completar cantos elementos de xuízo considere imprescindibles ou necesarios para a formalización da posterior proposta, e cando estes se emitan con carácter reservado, gardará secreto e impedirá calquera divulgación ou indiscreción.

17.4. Ultimadas as actuacións, o instructor elevará a proposta ao Pleno da Corporación que resolverá adoptando acordo en votación ordinaria e por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para outorgamento da distinción.

Artigo 18. Imposición e entrega da distinción:

18.1 Aprobada a concesión comunicase á persoa nomeada e pola Alcaldía fixarase a data da entrega da distinción en acto público que se celebrará no Salón de Plenos do Concello ou noutro lugar nobre designado ao efecto; ao acto solemne e público invitarase a toda a Corporación municipal, autoridades, asociacións e particulares relacionados co acto. No caso de distincións a título póstumo, entregaranse a un familiar do nomeado.

18.2. Cando a imposición e entrega non poida ser efectuada na forma sinalada no apartado anterior, o Concello, no acordo de concesión, determinará a forma na que se efectuará a mencionada entrega.



Artigo 19. Procedemento para nomeamento de rúa, prazas ou instalacións:

19.1. O expediente iniciárase mediante resolución da Alcaldía a instancia de:

- a) Da propia Alcaldía ou Xunta de Goberno.
- b) Da petición conxunta da cuarta parte do número de concelleiros de dereito da Corporación.
- c) Da solicitude razoada e xustificada de tres entidades, centros oficiais, institucións ou asociacións legalmente recoñecidas.
- d) Dunha petición subscrita por máis do 10% de veciñas e veciños do municipio de Cuntis.

19.2. Á proposta acompañarase unha memoria xustificativa que recolla os méritos que concorren para ser outorgada a distinción.

19.3. A concesión desta distinción será acordada polo Pleno da Corporación co voto favorable da maioría absoluta, e a súa execución realizarase segundo o establecido no artigo 11.

Artigo 20. Do procedemento de diplomas de honra en cultura e deportes:

20.1. A concesión destas distincións estará destinada ao eido da Cultura e o Deporte. A proposta será realizada por unha Comisión da cal formarán parte o/a concelleiro/a delegada de área, técnico de cultura e representantes de Asociacións inscritas no Rexistro do Concello.

20.2. A proposta deberá recoller unha memoria xustificativa dos méritos que concorren nas persoas físicas ou xurídicas que se propoñen.

20.3. O outorgamento do diploma de honra na actividade correspondente será acordado por Resolución da Alcaldía, que será notificada aos nomeados, realizándose a súa entrega segundo o establecido no artigo 12.

Artigo 21. Do recoñecemento de servizos:

21.1. A proposta para concesión de distinción por prestación de servizos poderá ser realizada por:

- Alcaldía ou concelleiro delegado de persoal.
- Representantes do persoal municipal.
- Cuarta parte do número de legal de membros da Corporación.

21.2. Xunto coa proposta achegarase unha memoria xustificativa, así como, informe de Secretaría dos datos relativos ao expediente e funcións asignadas.

21.3. O outorgamento da distinción realizarase por acordo do Pleno da Corporación, realizándose a entrega da distinción en acto público no Salón de Plenos da Casa do Concello.



CAPITULO IV. USO E DEREITOS.*Artigo 22. Uso das distincións:*

Os posuidores das distincións que se establecen neste Regulamento poden mostralas en calquera acto público e estarán invitados aos actos institucionais que organice a Corporación. As persoas a quen se lles concedan os títulos de Fillo/a Predilecto/a, Fillo/a Adoptivo/a ou Membro honorario da Corporación poderán acompañar á Corporación nos actos ou solemnidades a que esta concorra, ocupando o lugar que para elo lle estea sinalado.

CAPÍTULO V. PERDA DOS DEREITOS.*Artigo 23. Privación das distincións:*

23.1. Aínda que as concesións que se recollen neste Regulamento teñan carácter irrevogable, se algún dos seus titulares chega a ser indigno de posuílas por incorrer en falta que aconsellen esta medida extrema (casos de condena por algún feito de delito, realización de actos ou manifestacións contrarias ao Concello ou menosprezo aos méritos que no seu día foron causa do outorgamento), a Corporación Municipal poderá privarlle da distinción outorgada, coa conseguinte cancelación do asento no Libro de Distincións e Honras, calquera que sexa a data na que fosen concedidas.

23.2. Esta decisión adoptarase polo Pleno da Corporación en votación secreta e por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e despois da instrución do expediente xustificativo dos feitos que ocasionan esta medida.

23.3 No caso de distincións outorgadas pola Alcaldía, o expediente conterá os mesmos trámites que para a concesión e someterase a consulta previa da Xunta de Goberno Local, para posterior resolución de revogación da distinción pola Alcaldía.

CAPÍTULO VI. CONTROL E REXISTRO.*Artigo 24. Libro de honras e distincións:*

24.1. A Secretaría Xeral levará un Rexistro das Distincións e Honras que se materializará no Libro de Honras e Distincións, dividido en tantas seccións como distincións honoríficas regule este Regulamento.

24.2. En cada unha destas seccións inscribíranse por orde cronolóxico de concesión e correlativa numeración, os nomes dos agasallados, a relación de méritos que motivaron a concesión, a data desta, e no seu caso, a do seu falecemento. Igualmente anotaranse tódalas incidencias que acontezan con posterioridade á inscrición.”



Contra o presente acordo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co disposto no artigo 46 Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-administrativa. de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Cuntis, 16 de febreiro de 2017.—O Alcalde, Manuel Campos Velay.

